



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES "Maximino Romero de Lema"  
881 960 015 Prado da Torre s/n 15150 - Baio - (Zas)  
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



## PROXECTO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA



## EN DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA



## 1 Título: PROXECTO AO SON DELAS

O Proxecto Ao son delas ten como obxectivo a creación dun proceso innovador de participación da comunidade escolar no coñecemento, valoración e práctica da escucha de música en galego como impulso de normalización lingüística a través da rede de distribución do transporte escolar (local e expansivo ao resto de Galiza) e de Internet.

Unha acción máis alá do simplemente educativo. Unha intervención artística coa lingua galega como eixe vertebrador, teleolóxica e planificada para que a xuventude teña acceso a unha música en lingua galega de calidade. Un achegamento artístico en clave de muller, que emprega os espazos do centro educativo e do seu contorno directo como ferramenta subliminal.

Este proxecto comezou o ano pasado cunha serie de faladoiros coas artistas implicadas para facer un primeiro paso sensibilizador coa realidade da música do noso país. Estes encontros xeraron unhas sinerxías de empatía e conexión moi intensas entre alumnado e artistas. Deixaron as súas pegadas para sempre nas frases das escaleiras, tatuadas na mármore para as futuras xeracións. Pero, ao mesmo tempo, son un documento audiovisual vivo dunha realidade que segue a emocionarnos.

Este ano queremos ir un paso máis aló e rematar o proxecto Ao son delas con tres obxectivos clave:

1 A edición do disco *Ao Son Delas* cun tema de cada unha das agrupacións ou artistas que participaron no proxecto e, ao mesmo tempo, de xeito inédito, que cada pista sexa presentada polas regueifeiras Lupe e Alba María.

2 A difusión e visualización do traballo “Ao son delas” a través:

- do transporte escolar, que se compromete a poñer o disco nos traxectos escolares. A maiores, chegamos a un acordo coas compañías de autobuses para rotular os seus vehículos



co lema “Ao Son Delas... Quilómetros de Igualdade”, autobuses que circularán por todo o país lucindo orgullosos a nosa lingua e as nosas músicas con marcado carácter feminista.

- da canle de YouTube do instituto na que están subidos os faladoiros “Ao son delas” e incluso algún concerto enteiro (como é o caso do de Guadi Galego: <https://www.youtube.com/watch?v=Oo2TNNZorvE>).

3 a sensibilización do noso alumnado coa xustiza social, posto que a doazón simbólica recibida polos discos sería integralmente doada a Lúa Awel, diagnosticada medicamente con microcefalia, atrofia cerebral e leucomalacia multicística periventricular severa ([www.nenarostroo.com](http://www.nenarostroo.com). “Diversidade artística para a diversidade funcional”).

O proxecto Ao son delas consiste nunha experiencia educativa ideada na materia de libre configuración de centro Artes Escénicas e Xestión Cultural en 1.<sup>º</sup> de bacharelato, en colaboración co alumnado de Imaxe e Son e de Igualdade de 2.<sup>º</sup> de bacharelato.

Ten como obxectivo a creación e desenvolvemento dun proceso innovador de participación da comunidade educativa no coñecemento, valoración e difusión da lingua e da música en galego entre a xuventude e, ao mesmo tempo, exportalo como ferramenta impulsora de dinamización social e cultural.

Ao son delas é un proxecto impulsado pola enerxía da innovación educativa e das TIC, procurando identificar valores da sociedade actual –autoxestión, participación social, intelixencia emocional, ecoloxismo lingüístico, visión internacional do idioma etc.– co uso normalizado da lingua galega nos espazos vitais –formais e informais– da xente nova. Ten como interese principal crear un modelo metodolóxico orientado a promover a participación directa e a corresponsabilidade de todos os axentes da comunidade educativa en primeira instancia e da sociedade coa que o centro educativo convive no día a día (transporte escolar, comercios, medios de comunicación etc.).

En último termo, conseguir con este proxecto que o noso centro educativo siga sendo un referente como contedor cultural e dinamizador do noso patrimonio artístico e cultural,



prestándolle especial atención á creación dun proceso innovador de participación da comunidade escolar que fomente a coeducación no coñecemento, valoración e práctica do feminismo como impulso de transformación social a través da linguaxe e a música.

A enerxía transformadora do proxecto Ao son delas sitúase no traballo en valores e, fundamentalmente, nunha intervención planificada a respecto da igualdade de xénero da que deriva un proceso espontáneo, difusor e non planificado de valores que contaxian e se retroalimentan do movemento social e que está a modificar o noso sistema cultural, desde abajo e con protagonismo das novas xeracións.

## 2 Contextualización e xustificación do proxecto

Observamos –e constatamos– que a inmensa maioría da música que escoita o noso alumnado (e tamén profesorado) é música en castelán e inglés maioritariamente. A dinámica de sensibilización e o grande esforzo económico que leva facendo o noso centro educativo nos últimos anos para investir en música en galego é un camiño que agora comeza a ver os seus froitos. Así pois, con todo e iso, aínda consideramos que o noso alumnado segue a consumir moita música comercial (con connotacións machistas en moitas ocasións) e precisamos reaccionar cunha acción directa na que poidamos implicalas e implicalos. Tentar rachar cos prexuízos lingüísticos á hora de cantar en galego é un dos obxectivos desta proposta. A situación do noso país continúa a evolucionar de forma dramática cara á desgaleguización, especialmente na infancia e na mocidade. O proceso acontece simultaneamente no campo das actitudes, do coñecemento e dos usos lingüísticos e musicais.

O ensino formal é un ámbito importante onde tradicionalmente se está a traballar para intentar reverter ese proceso. É fundamental traballarmos pola vitalidade da nosa lingua nos centros de ensino, mais non cómpre esquecer que o achegamento da xente nova á nosa lingua debería ir alén do ámbito educativo, formal e informal.



Nese sentido, e sabendo que o proxecto que presentamos vai ser activado no ámbito educativo, sabemos tamén que o propio proxecto ten como obxectivo final crear novos espazos de encontro entre a lingua galega, a música e a xuventude relacionados con espazos propios de ocio e tempo libre desta franxa de idade.

## 2.1 A situación sociolingüística do centro

Trátase dun centro situado ás aforas dunha vila, mais o alumnado procede na súa maior parte de núcleos rurais pequenos dos concellos de Zas, Laxe, Cabana e Vimianzo. Nas zonas rurais predomina o uso oral do galego aínda que se observa un comportamento diglósico. Nas vilas estase a producir un aumento do uso do castelán.

**Situación do profesorado.** O rexeitamento da normalización do galego é minoritario. En canto ao nivel de corrección lingüística, é mellorábel, de modo que non é descartábel a proposta dun curso de formación en lingua galega.

**Situación do alumnado.** A lingua maioritaria do alumnado e do seu contorno social e familiar é o galego e a súa competencia lingüística é aceptábel. Porén, detéctase un comportamento diglósico consistente nun prexuízo á hora de utilizar a nosa lingua en ámbitos alleos ou que consideran cultos. O máis preocupante é que se constata un perigo de abandono do uso da lingua galega ao cambiaren de contorno social, conque priorizaremos actividades encamiñadas ao prestixio da lingua galega e a demostrar a súa utilidade en todos os contextos, facendo fincapé na súa universalidade, a galeguía.

### Situación lingüística do centro

A documentación administrativa e de xestión (actas, material de avaliación, circulares etc.) está en lingua galega. O mesmo acontece cos avisos, carteis, etc. emitidos pola dirección. As actas, programacións e memorias de departamento fanse maioritariamente en galego. No plano oral (en consellos, claustros etc.), úsao a totalidade do equipo directivo.



No que se refire ao profesorado, hai un número importante de galegofalantes. Tamén é certo que nos últimos anos chegou unha elevada cantidade de docentes castelanfalantes.

O persoal non docente emprega a lingua galega. A actividade ordinaria da biblioteca é en galego, malia que se fagan actividades específicas noutras linguas.

### **3 Obxectivos deseñados como resposta ás necesidades detectadas nos diferentes ámbitos**

O obxectivo do proxecto é potenciar –a través das TIC– o uso da lingua galega na nosa sociedade e aprender implementando as competencias do alumnado.

1 Editar un disco con seis temas de seis grupos de artistas galegas. A intención é darles difusión á nosa lingua e ás nosas creadoras entre a comunidade educativa. A maiores de escoitar esta música no fío musical do instituto, pretendemos traspasar as fronteiras e que chegue ao transporte escolar e ás tendas, bares e comercios da zona e da comarca. Este traballo estará coordinado polos alumnos e as alumnas de Artes Escénicas e Xestión Cultural, que terán que negociar a cesión de dereitos, deseñar o disco, os textos, os deseños gráficos etc. En definitiva, facer un proxecto holístico de producción para tentar acadar o obxectivo de editar 1.000 exemplares.

Estas artistas formaron parte activa o curso pasado, nunha primeira fase do proxecto, doutros tantos faladoiros nos que o alumnado dinamizou unha serie de encontros entre artistas recoñecidas e mulleres do rural. Estas xornadas abertas a toda a comunidade educativa comenzaron no mes de xaneiro e remataron en xuño; un luns de cada mes á tarde enchiamos de emoción, lingua e música o auditorio de Baio, e nel convivía alumnado con familias e veciñanza. Naceu como un ciclo de encontros con mulleres relevantes da zona e da cultura galega para lle transmitir emoción e coñecemento ao alumnado.

Desde xaneiro elaboramos unha acción para realizarmos este encontro un luns ao mes realizarmos este encontro. E este foi o resultado:



22 de xaneiro: Para esta primeira ocasión contamos con María Lista (unha percebeira de Corme) e Guadi Galego (artista e mestra de música de Cedeira).

19 de febreiro: Benedicta (unha labrega do Couto de Muíño e pandeireteira) e Sés (cantareira).

12 de marzo: Carme Riveiro (empreendedora do rural e recuperadora do liño) e A Banda da Loba (grupo de cinco mulleres que conxugan a poesía coa diversidade musical de estilos).

15 de maio: As artistas da regueifa feminista Alba María e Lupe Blanco comparten con Aurora Pérez García as súas experiencias vitais na emigración de Suíza.

16 de maio: O plato forte da Semana Cultural foi o grupo Habelas Hainas e a poeta Luz Fandiño, que fixeron un debate moi interesante sobre activismo lingüístico e feminismo.

21 de xuño: Merenda Conversa aberta á veciñanza coas Pandereteiras de Muíño e as Tanxugueiras para inaugurar o mural *Regreso á Foliada II* de Joseba Muruzábal.

O nexo en común destas mulleres –que non se coñecen entre sí– é a súa paixón polos seus proxectos vitais. A idea de conxugar a enerxía delas é tentar facerlle chegar ao noso alumnado a paixón que desprenden pola vida e polas súas profesións.

As actividades sempre van acompañadas dun xantar na cafetaría do instituto co alumnado que organiza o acto (voluntariado da revista, alumnado de Artes Escénicas e Xestión Cultural e alumnado de Imaxe e Son) e as convidadas.

Á tarde, o acto comeza con un pequeno programa de radio –con público aberto a toda a comunidade educativa– e un concerto.

2 Realización de un documental *web* sobre todas as accións desenvolvidas no proxecto Ao son delas. Con todo o material gravado o curso pasado, este ano traballaremos co alumnado de Imaxe e Son a confección dun documental *web* para publicar nas redes e presentalo como modelo de intervención socioeducativa.



Así pois, podemos afirmar que é un roteiro vivencial da nosa lingua como construcción social, proxecto comunitario creativo, expresión de identidade colectiva e de utilidade imprescindible.

Nun sentido máis amplio, o obxectivo fundamental que intentamos acadar con este proxecto educativo é conseguir formar persoas libres, con sentido crítico e de participación social.

### 3.1 Presentación dos obxectivos

Este proxecto ten como centros axiais a lingua e a música. Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez más numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como Internet, os dispositivos móbiles, os reproducidores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A educación musical permite igualmente traballar coas emocións dun xeito moi explícito, e sabemos que educar persoas íntegras implica, alén de posibilitar a adquisición de coñecementos, o traballo con estas, pois saber xestionálas supón saber estar no mundo dun modo máis axeitado.

Os obxectivos, pois, deste proxecto cooperativo son:

- xerar no alumnado o firme convencemento que pode facer o que se propoña, dun xeito colaborativo e participativo.
- Coñecer o proceso de desenvolvemento educativo e sociocultural da música tradicional e popular como movemento sociocultural en expansión.



- Fomentar o proceso comunicativo en interacción co público. Neste ámbito de comunicación, teremos especial interese en demostrar seguridade persoal ante do momento da improvisación pública, a través da adquisición de técnica, experiencia e autoestima.
- Coñecer activamente as características do movemento sociocultural da “música en galego” e implicarnos con outros axentes locais e non locais na xestión cultural como elemento dinamizador da escola e da sociedade. Traballaremos desde a innovación e a creación colectiva, empregando as ferramentas dixitais para a creación horizontal e a divulgación cultural.
- Aprender a xestionar proxectos educativos horizontais colectivos de desenvolvemento sociocultural e fomentar a actitude de autoconfianza persoal e colectiva para evolucionar e actualizar a tradición.
- Valorar a importancia da transmisión xeracional e do traballo colaborativo.
- Potenciar o activismo cultural e a participación social.
- Respectar o pluralismo ideolóxico e diversidade do movemento.
- Fomentar o debate e o consenso na toma de decisións. Toma de decisións e planificación asemblearia.
- Conxugar o traballo voluntario e o traballo profesional.

Este proxecto contribúe a desenvolver destrezas vinculadas coas competencias clave, das que aquí destacaremos tres en primeira instancia: a comunicación lingüística, xa que permite unha extraordinaria mellora das destrezas comunicativas do alumnado; as competencias sociais e cívicas, pois a intervención cultural ten como destino comunicativo participar de xeito eficaz e construtivo na vida sociocultural; e a competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois a xestión de todo o proceso de xeito asembleario fomenta a proactividade, o autocoñecemento e a autoestima do alumnado.



Á parte disto, non podemos esquecer as outras competencias que tamén se traballan de xeito transversal no proxecto como a competencia dixital, aprender a aprender, conciencia e expresións culturais, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

## COMPETENCIAS BÁSICAS

- Comunicación lingüística (o canto e o respecto pola lingua...).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (busca de orzamentos, proxecto de gravación previa no instituto...).
- Competencia dixital (fotografía, redes sociais, maquetaxe...).
- Aprender a aprender (aprender facendo...).
- Competencias sociais e cívicas (Colaboración coas entidades da vila...).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (desenvolver un proxecto empresarial a través do traballo colaborativo e a autoxestión...).
- Conciencia e expresións culturais (Respecto polas tradicións, camiñando cara a unha modernidade respectuosa coa súa cultura...).

### 3.2 Propostas estratégicas de actuación a curto prazo

A planificación e realización do proxecto Ao son delas está estreitamente vinculada con correntes didácticas de vanguarda ás que, coa nosa experiencia, queremos contribuír, relacionando ámbitos científicos como a lingüística, a etnomusicoloxía, a psicoloxía social, a antropoloxía ou a socioloxía. A curto prazo, no noso caso, este proxecto ten unha importancia dual, tanto no plano de formación persoal do profesorado como no desenvolvemento desde os centros educativos dun proceso colectivo de creación e dinamización sociocultural. O curto prazo son os dous anos que levamos traballado neste



humilde proxecto. O ano pasado comezamos cos faladoiros e coa fase iniciática de concienciación e toma de contacto coas artistas convidadas. Inzamos as escaleiras de frases motivadoras coas letras das súas cancións escollidas polo alumnado (<https://donasdesibaio.blogspot.com/2018/04/escaleiras-sabedoras.html>).

Este ano consolidamos esta actividade coa intención de darlle un soporte de CD e distribuílo a través do transporte escolar (que está sendo substituído paulatinamente polo transporte colectivo). Ao mesmo tempo queremos darlle visibilidade ao proxecto de innovación en dinamización lingüística para concienciar da necesidade de construir unha nova sociedade.

### 3.3 Propostas estratégicas de actuación a longo prazo

Os alumnos e as alumnas deberán ser conscientes de como as ideas subxacentes na música tradicional configuran múltiples xeitos de construir e realizar o propio movemento sociocultural, e entender, por conseguinte, que cada sociedade e cada época debe coñecer a súa tradición e actualizala cos valores sociais emerxentes; comprender e saber que o interese da materia reside tanto en experimentar o potencial expresivo e creativo persoal como en entender o modo en que diferentes aspectos da creación foron e son modificados por circunstancias históricas, culturais, rituais, ambientais, técnicas, estilísticas ou simbólicas que cada pobo vai incorporando como expresión da súa forma de sentir e de pensar.

Así pois, a proposta a longo prazo é unha aposta pola toma de conciencia social no uso normalizado do galego en todos os ámbitos da nosa vida. Sería ideal poder levar esta campaña de lingua e música por todo o país se se chegase a un acordo de expansión entre as artistas e a Consellería. Un soño feito realidade para o noso alumnado.



## 4 Organización, desenvolvemento e metodoloxía

O obxectivo é traballar a metodoloxía de proxectos ou *design thinking*: expoñemos un problema e buscamos información sobre el; as rapazas e os rapaces propoñen diferentes solucións debidamente argumentadas e as conclusións plásmanse en feitos.

Neste proxecto debe ser o propio alumnado quen cree e difunda os contidos que se traten: o propio proceso de traballo enriquece enormemente a formación polo seu poder motivador.

A nosa metodoloxía intentará aproveitar os aspectos más lúdicos do proceso de aprendizaxe, relacionando este proceso con dinámicas da animación sociocultural para a creación de ambientes proactivos de traballo. Traballaremos especialmente unha metodoloxía para a creación e dinamización do grupo con actividades baseadas en aspectos actitudinais, motivacionais e de desenvolvemento da identidade persoal e grupal.

Por outra parte, o interese do alumnado por novas metodoloxías didácticas e a súa sensibilidade estética debe acompañarse dos coñecementos para establecer un criterio propio, o que nos leva a formarnos continuamente nas ferramentas e conceptos que permiten xerar esas novas situacións de aprendizaxe.

Nun momento en que constatamos unha crise nas habilidades comunicativas nesta “era da comunicación”, pensamos que o sistema escolar debe actuar ofrecendo unha formación de calidade a través de novos modelos pedagóxicos, actualizados e experimentais. A “escola” corre o risco de ficar distanciada da evolución sociocultural. A aprendizaxe de habilidades de comunicación social interxeracional, en convivencia coas novas tecnoloxías da comunicación, parécenos unha vía con grandes posibilidades de desenvolvemento.

Estase a poñer de manifesto a necesidade de actualizar o traballo no contexto educativo para mellorar a capacidade comunicativa do noso alumnado á hora de expresar sentimentos, coñecementos, opiniós ou proxectos e Ao son delas quere participar nesa renovación ppedagóxica de xeito activo, participativo, inclusivo e democrático.



## 4.1 Actividades de desenvolvemento dos procesos de innovación en dinamización da lingua galega previstas

Consideramos que a edición deste disco é un acto innovador porque é un proxecto dirixido e desenvolvido por adolescentes, coa colaboración das asociacións veciñais e culturais da zona, as empresas de transporte etc.

Cómpre destacar que estes proxectos educativos están lonxe das ensinanzas regradas, pero o alumnado considera que son moi útiles para aspectos da súa vida en xeral.

Tamén consideramos innovador que un centro educativo apoie, potencie e acompañe o alumnado nos seus proxectos creativos e non limite as fronteiras da súa ilusión.

### 4.1.1 Título e descripción: Ao son delas (música e lingua para mover o mundo)

### 4.1.2 Obxectivos e proposta metodolóxica

A nosa metodoloxía xeral fusiona diferentes liñas de campos de intervención propios:

En primeiro lugar, en canto ao proceso de ensinanza, a nosa metodoloxía ten como principio a vivencia experimental da aprendizaxe; crea situacións de aprendizaxe no centro de ensino mais vividas tamén fóra do centro escolar e abre a escola á sociedade. Neste sentido, entendemos este proxecto dentro do proceso de normalización como un campo natural, espontáneo, para a habilitación de destrezas, habilidades, competencias na nosa lingua.

En segundo lugar, a nosa metodoloxía baséase no desenvolvemento dunha comunidade de alumnado, profesorado e axentes colaboradores a través dunha xestión de relacións sociais, identidades e creación cultural baseada nos principios da **animación sociocultural**, con raíces na pedagoxía social, na socioloxía e nas ciencias aplicadas ao estudo das mudanzas sociais.



Neste sentido, sabemos da importancia da animación sociocultural, a dinámica de grupos e o principio de aprender xogando e a dimensión lúdica da aprendizaxe.

Por outro lado, ao traballarmos coa participación de xente nova, impórtanos moito a creación de identidade grupal e identidades colectivas arredor do tema da lingua e a música.

En terceiro lugar, interésanos metodoloxicamente o desenvolvemento de valores, entre os cales a igualdade de xénero é fundamental. Pensamos que, neste proceso, Ao son do rural pode achegar actualidade, modernidade e a vitalidade da xuventude e renovar dinámicas da escoita musical no seu tempo de lecer. Un dos pés más importante deste proxecto é traballar a igualdade de xeito directo. Ao son delas é un proxecto feminista e, afortunadamente, o noso alumnado non lle escapa a esta palabra que tanto queren demonizar certos sectores da sociedade. Fomentar a igualdade entre homes e mulleres é unha necesidade imperiosa da nosa sociedade, pero tamén unha obriga innegociábel para os centros educativos. A maiores, tamén queremos traballar directamente a implicación do noso alumnado coa diversidade funcional. Como xa comentamos anteriormente, o diñeiro recadado neste proxecto coas doazóns simbólicas dos discos vai directamente para axudar a Lúa Awel no seus tratamentos terapéuticos.

#### 4.1.3 Xestión e temporización

Este é o segundo ano que estamos a traballar no proxecto Ao son delas e xa estamos a comezar un proxecto máis grande, denominado Ao son do rural, no que a lingua e a identidade son as marcas que seguirá o noso proxecto educativo. Patrimonio material e inmaterial con carácter divulgativo entre a mocidade.

Deseñamos unha temporización na que, se todo vai ben, poidamos deixar subidas todas as partes do documental *web* á rede en xuño de 2019.



Tentaremos presentar a campaña “Ao son delas... quilómetros de igualdade” no mes das Letras Galegas, para adiantar o lanzamento do disco, que se realizará en setembro deste mesmo ano.

## **5 Implicación do profesorado, responsábeis e demás recursos humanos e materiais da comunidade educativa**

Nesta iniciativa van ter especial importancia os materiais e recursos didácticos elaborados polo propio alumnado con procesos de traballo de campo, investigación e elaboración de guías e manuais sobre diferentes elementos música tradicional, así como os materiais divulgativos que o propio alumnado vai xerar e compartir na rede social.

### **5.1 Recursos humanos implicados no desenvolvimento do proxecto**

Os recursos humanos implicados son o profesorado, o alumnado, a veciñanza, as familias, as asociacións e as empresas do transporte mencionadas. Pero, a maiores, cómpre salientar a xenerosidade da trama de músicas ilustradas que colaboran co proxecto: artistas como Sés, Guadi Galego, Tanxugueiras, Habelas Hainas, A Banda da Loba... están abrindo un camiño moi interesante e diverso para que a nosa xuventude se interese pola música en galego. Ter a oportunidade de que estas artistas se acheguen ao centro e se impliquen nun proxecto educativo colaborativo é un investimento de futuro para todas e todos.

### **5.2 Recursos materiais que se van mobilizar**

Dentro do orzamento proposto para o investimento en material estaría a elaboración do proxecto discográfico (edición, maquetaxe, deseño...), os vinilos para os autobuses e o estudio de gravación para as Regueifeiras (Lupe e Alba María). Ademais, tamén están orzados dous obradoiros para o alumnado de Imaxe e Son para o documental *web*.

## 6 Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas

Para este proxecto contamos sempre coa colaboración do alumnado do CEIP Labarta Pose, do CPI de Zas e do CPI de Cabana. Foi convidado ás presentacións, aos faladoiros e aos concertos. A veciñanza que participou activamente nos faladoiros e mais familias son un punto de apoio importante para xerar comunidades de aprendizaxe colaborativas.

Alén diso, o gran colectivo asociacionista da vila sempre colabora activamente nas propostas de intervención pedagógica do centro (Asociación de Veciños Tabeirón, Asociación Tradicional Adro, Asociación de Teatro Badius, Asociación Río Grande, Asociación de Comerciantes...).

As empresas de transporte Autos Fondo, Autos Facal e Autos Pombo mostraron o seu interese por colaboraren coa iniciativa.

Por suposto, a ANPA e o Concello sempre apoiaron e apoian este tipo de proxectos activamente.

Polo de agora non lles solicitamos ningún tipo de axuda económica a ningunha destas entidades, posto que o centro apostou firmemente por esta proposta dinamizadora, pero estamos seguros de que, de precisala, non terían ningún inconveniente en colaborar.

## 7 Medidas de difusión do proxecto

### 7.1 Entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa

É importante sabermos que o propio proxecto Ao son delas é un proceso de creación de comunidade, ou sexa, é un proceso de comunicación que parte do propio alumnado e profesorado e, a través dun proceso de participación directa da comunidade escolar e extraescolar, se converte nun proceso de comunicación social. Mostra disto é a cantidade de



público que se xunta nos faladoiros e concertos, que fai sentir que o centro é un espazo real de portas abertas.

Ao son delas convértese, daquela, nun dos temas do traballo educativo transversal do centro e mobiliza os principais recursos comunicativos internos: traballo en titorías, actividades escolares e extraescolares, difusión cara a dentro e cara a fóra nas redes sociais, nos medios de comunicación convencionais e non convencionais.

## 7.2 Na contorna e/ou noutrous espazos

Alén disto, o proxecto Ao son delas procura que a comunidade escolar PROTAGONICE un proceso de comunicación de ámbito galego, que ten neste segundo ano de desenvolvemento o detonante inicial mais que se estenderá aos vindeiros anos, como un proxecto expansivo ao que esperamos que se poidan sumar máis centros de ensino.

Os medios de comunicación xa mostraron o seu interese pola difusión desta iniciativa. Fixéronse eco La Voz de Galicia, Faro de Vigo, TVG, Radio Galega, Praza.com, Sermos Galiza, Galicia Confidencial, o Portal Galego da Lingua etc., como se pode ver no anexo “notas de prensa primeira parte do proxecto”.

## 8 Orzamento: 5.000 €

### 8.1 Xustificación e desagregación

Edición do disco: 2.000 €

Obradoiro de maquetaxe para o alumnado: 300 €

Obradoiro de edición de vídeo para o alumnado 300 €

Gravación das regueifeiras en estudio 400 €



Deseño e vinilos para 4 autobuses ("Ao son delas: quilómetros de igualdade") 2.000 €

Cesión de dereitos con custo cero negociado coas artistas (doazón para Lúa Awel)

Este orzamento é o estimado nas xestións realizadas polo alumnado de Xestión Cultural.  
Tentaremos negociar colaboracións coas entidades mencionadas no apartado 6.

## 9 Plan de avaliação

### 9.1 Criterios e indicadores para a avaliação

- Avalizáños do proceso a través de enquisas cualitativas cubertas polas persoas participantes.
- Avaliación externa por parte de diferentes axentes colaboradores.
- Alcance da rede social: *Facebook*.
- Número de visionados dos vídeos da canle Ao Son Delas en YouTube.
- Audiencias estimadas nos programas de TV, radio e lectores/as potenciais da prensa impresa e da prensa dixital.

### 9.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

O principal impacto darase nas competencias lingüísticas e musicais implicadas no proceso:

- Aumento da autoestima sociolingüística, consecuencia da participación actante nun proxecto de normalización colectivo, de forma protagonista, entre iguais.
- Desenvolvemento das comunicacións convencionais: escrita formal, enriquecemento de rexistros persoais, vocabulario, coñecemento de variedades dialectais...



- Adecuación á relación con diversidade de interlocutores: persoas maiores, nenos e nenas, artistas...

Ten importancia para nós o feito de que o alumnado e o profesorado implicado adquiran conciencia de que a participación en proxectos como este implica mudanzas sociais en positivo, para asegurarmos que o traballo en dinamización ten resultados transformadores. Crea espazos, comunicación e enerxía a favor do galego, tanto en mellora de actitudes como en aumento de usos.

## **10 Profesorado participante. Funcións e tarefas que vai realizar o profesorado implicado. Detallaranse as funcións e as tarefas de cada unha das persoas implicadas.**

A xustiza social é a liña que se vai seguir dentro dos proxectos nos que o profesorado actúa como guía. Un traballo colaborativo no que a igualdade de condicións e o emprego da assemblea como liña primordial de traballo é esencial para que este tipo de traballos chegue a bo porto. Apoderar e visualizar o noso alumnado nestes proxectos é a forma de que realmente se implique. O profesorado debe ficar nun segundo plano, exercendo de guía e respectando os tempos e as formas do traballo conxunto.

- Departamento de Música: Manuel Maseda Deán; coordinación xeral do proxecto.
- Departamento de Orientación: José María Fernández Abelaira; coordinador da loxística desde a Xefatura de Estudos.
- Departamento de Debuxo: Carlos Fernández Concheiro, deseño gráfico.
- Departamento de Matemáticas: Celestino Fernández Valiña; organización das viaxes desde a Secretaría e orzamento.
- Departamento de Historia: Judit Carbajo Vázquez; coordinadora de actividades culturais.



- Departamento de Informática: Óscar Manuel Rey Calo; deseño do blog e coordinador das TIC en xeral.
- Departamento de Lingua Galega e de Historia: Ricardo Vigueret Gil; asesor lingüístico.
- Departamento de Francés: Dolores Torrano Vicente; coordinadora de actividades culturais.
- Departamento de E.F.: Adrián Levoso Fernández; Coordinador de actividades culturais.
- Departamento de Filosofía: Antonio José Díaz Amor; perfil antropolóxico do proxecto.

## 11 Alumnado participante (curso, ciclo, número)

O alumnado implicado directamente na organización está composto polo alumnado de Artes Escénicas e Xestión Cultural de 1.º de bacharelato (14), o alumnado de Imaxe e Son de 2.º bacharelato (12) e o alumnado de Igualdade de 2.º bacharelato (4).

Indirectamente, participou todo o alumnado do centro, posto que na primeira fase todos e todas foron espectadores dos faladoiros e de todos os concertos e procesos que se desenvolveron arredor do proxecto Ao son delas.

A Comisión de Cultura do Centro é, xunto co alumnado de Xestión Cultural, Imaxe e Son e Igualdade, un dos piares básicos desta iniciativa. O proxecto educativo do noso centro ten un claro compromiso coa nosa lingua e, polo tanto, coa nosa cultura. A columna vertebral deste proxecto é a de consolidarnos como un contedor cultural da zona. Certamente, dentro dos nosos limitados orzamentos, conseguimos congregar unha morea de actos que contan xa cun respaldo moi importante de toda a comunidade educativa.



## ANEXOS DE PRENSA AO SON DELAS

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmaximinoromerodelema/search/node/ao%20son%20delas>

### GUADI e CARMEN LISTA

[https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/ponteceso/2018/01/19/percebeiracarmen-lista-artista-guadi-galego-abriran-ao-delas-instituto-baio/0003\\_201801C19C7991.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/ponteceso/2018/01/19/percebeiracarmen-lista-artista-guadi-galego-abriran-ao-delas-instituto-baio/0003_201801C19C7991.htm)

<https://quepasanacosta.gal/baio-movese-ao-son-delas/>

### SES e BENEDICTA DE MUÍÑO

[https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/zas/2018/02/19/span-langglon-habia-quen-ensinara-span/0003\\_201802C19C8991.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/zas/2018/02/19/span-langglon-habia-quen-ensinara-span/0003_201802C19C8991.htm)

<https://quepasanacosta.gal/axenda/coloquio-concerto-ao-son-delas/>

<https://quepasanacosta.gal/elas-que-convirten-a-tradicion-en-modernidade/>

### A BANDA DA LOBA e CARME RIVEIRO

[https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/2018/03/18/bailando-span-langglao-delasspan/0003\\_201803C18C12991.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/2018/03/18/bailando-span-langglao-delasspan/0003_201803C18C12991.htm)

### AS TANXUGUEIRAS e PANDEIRETEIRAS DE MUÍÑO

<https://www.lavozdegalicia.es/album/carballo/2018/06/22/tanxugueiras-pandereteiras-muino-encuentro-baio-imagenes/01101529703821815592987.htm>



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
IES "Maximino Romero de Lema"  
881 960 015 Prado da Torre s/n 15150 - Baio - (Zas)  
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



## HABELAS HAINAS e LUZ FANDIÑO

<https://www.quepasanacosta.gal/articulo/zas/a-semana-cultural-do-ies-de-baio-chega-a-sua-13a-edicion/20180510061109087945.html>

## LUPE BLANCO e ALBA MARÍA e AURORA PÉREZ

<https://www.quepasanacosta.gal/articulo/zas/a-semana-cultural-do-ies-de-baio-chega-a-sua-13a-edicion/20180510061109087945.html>

## UXÍA SENLLE FALA DO PROXECTO AO SON DELAS NO *DIARIO CULTURAL*

<http://www.crtvg.es/rg/destacados/diario-cultural-diario-cultural-do-dia-19-03-2018-3687116>

## ESCALEIRAS SABEDORAS

<https://donasdesi-baio.blogspot.com/2018/04/escaleiras-sabedoras.html>